

## **CULTURA AUDIOVISUAL II**

### **OPCIÓN A**

1. Lectura denotativa e connotativa desta imaxe / Lectura denotativa y connotativa de esta imagen (máximo: 6 puntos, repartidos como se indica):

- Descripción (personaxes, situacións...), luz e cor. / Descripción (personajes, situaciones...), luz y color. (1.5 puntos)
- Planos, ángulos e composición. / Planos, ángulos y composición. (1.5 puntos)
- Público ao que se dirixe e recursos e estereotipos que manexa / Público al que se dirige y recursos y estereotipos que maneja (1.5 puntos).
- Comentario crítico sobre os valores formais, estéticos, expresivos e de significado da imaxe (mensaxe, emotividade e valores). / Comentario crítico sobre los valores formales, estéticos, expresivos y de significado de la imagen (mensaje, emotividad y valores). (1.5 puntos)

**LA MALETA QUE MÁS  
PESA**  
 Cruz Roja



**REFUGIADOS**

Ahora que están aquí,  
te necesitan **MÁS CERCA**

DESCUBRE SUS HISTORIAS CON NUESTRO  
JUEGO ONLINE

Fotografía: <http://www.lamaletaquemaspesa.com/>

### **Preguntas de resposta breve / Preguntas de respuesta breve:**

- Define a banda sonora (BSO). / Define la banda sonora (BSO). (1 punto)
- Cita 4 fitos na gravación do son. / Cita 4 hitos en la grabación del sonido. (1 punto)
- Define os seguintes conceptos da montaxe non lineal: captura/volcado, importación, proxecto e clip. / Define los siguientes conceptos del montaje no lineal: captura/volcado, importación, proyecto y clip. (1 punto)
- Funcións do iluminador e do escenógrafo en TV. / Funciones del iluminador y del escenógrafo en TV. (1 punto)

## CULTURA AUDIOVISUAL II

### OPCIÓN B:

1. Sobre o seguinte exemplo, explica: / Sobre el siguiente ejemplo, explica (máximo: 6 puntos, repartidos como se indica):

- Fitos históricos da TV. / Hitos históricos de la TV. (1.5 puntos)
- Cita os principais xéneros e formatos dos programas de TV. / Cita los principales géneros y formatos de los programas de TV. / (1.5 puntos)
- A realización multicámara. / La realización multicámara. (1.5 puntos)
- A TV do futuro. / La TV del futuro. (1.5 puntos).



Fotografía: evolución TV

### Preguntas de resposta breve / Preguntas de respuesta breve:

- Elixo dous compositores de BSO do cine español e explica a súa obra. / Elige a dos compositores de BSO del cine español y explica su obra. (1 punto)
- O uso responsable de Internet: os *youtubers*. / El uso responsable de internet: los *youtubers*. (1 punto)
- O son diexético. / El sonido diegético. (1 punto)
- Os programas de entretemento na radio. / Los programas de entretenimiento en la radio. (1 punto)

ABAU  
CONVOCATORIA DE XUÑO  
Ano 2019  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN  
CULTURA AUDIOVISUAL II  
(Cód. 52)

Na corrección do exame de Cultura Audiovisual II aplicaranse os seguintes criterios:

**RITERIOS DE CORRECCIÓN PARA AS PREGUNTAS DE DESENVOLVEMENTO:**

**OPCIÓN A:**

Na primeira parte da proba (valor máximo 6 puntos), valorarase a capacidade do alumnado para interpretar a idea que se propón (en imaxe ou texto), plasmando a súa opinión razoada e crítica.

No caso da **opción A**, na primeira pregunta valorarase a descrición xeral da imaxe que faga o alumnado, analizando as funcións comunicativas e estéticas da mensaxe publicitaria a través dos elementos referenciais da imaxe e do texto (tratamento destacado das cores na imaxe e nas mensaxes, personaxes, etc.). Valorarase a capacidade do alumnado para interpretar a imaxe no contexto do seu significado e do seu valor comunicativo; así como a habilidade do alumno/a para explotar as posibilidades expresivas e comunicativas da imaxe (estética e mensaxe). Neste senso, valorarase positivamente tamén, o recoñecemento que faga o alumnado das funcións da publicidade, diferenciando os elementos informativos dos relacionados coa emotividade, a sedución ou a fascinación. Nos criterios de corrección teranse en conta, tamén as reflexións que faga o alumnado para relacionar a composición e estrutura da imaxe coa consecución dos seus obxectivos, incorporando a súa interpretación persoal sobre o público ao que consideran que se dirixe esta campaña publicitaria. En xeral, o alumnado tamén pode reflexionar sobre a dimensión social das mensaxes publicitarias e o valor comunicativo das campañas solidarias/humanitarias. Como parte dos criterios de corrección, premiarase a capacidade expresiva do alumnado (redacción). Como referencia de contexto, indicar que a imaxe correspóndese cunha campaña da Cruz Vermella sobre a crise dos refuxiados. O título da campaña é: "La maleta que más pesa" e pódese consultar en internet: <http://www.lamaletaquemaspesa.com/>

- Aclaración nesta parte da proba: Terase en conta que a calidade de impresión do exame non sexa un obstáculo á hora de valorar os coñecementos dos alumnos no conxunto da resposta sobre a imaxe e o seu significado, no marco dunha campaña multimedia (imaxe, texto, vídeo, videoxogo, etc. nun contexto de distribución *online*).

Na segunda parte da proba (valor máximo 4 puntos), valoraranse os coñecementos teóricos do alumnado en relación ao temario. Non é preciso que o alumno/a reproduza con total fidelidade o que se contempla nestes criterios de avaliación, pero sí que responda aos conceptos básicos con corrección. En todas as preguntas, valorarase tamén positivamente que o alumno/a responda con brevidade e concisión.

## **OPCIÓN B:**

Na primeira parte da proba (valor máximo 6 puntos), valorarase a capacidade do alumnado para abordar o tema que se propón, plasmando a súa opinión razoada e crítica. Neste caso, o tema xeral é a televisión e a súa evolución. Non se esixen respostas memorísticas se non que se valorará a capacidade argumental do alumnado para trazar un contexto da evolución e o funcionamento básico da televisión, falando dos principais contidos que ofrece a televisión (xéneros de programas ou formatos), ata o que implica a realización multicámara. Daranse por correctas as respostas do alumnado que conteñan datos sobre algúns dos principais fitos históricos da televisión desde os seus inicios a nivel mundial ou español, e ata as novas tecnoloxías dixitais que desprazan á televisión lineal clásica cara novas plataformas de consumo "á carta" coñecidas como OTT (Netflix, etc.), no que se coñece como "a TV do futuro".

Na segunda parte da proba (valor máximo 4 puntos), valorarase os coñecementos teóricos do alumnado en relación ao temario. Non é preciso que o alumno/a reproduza con total fidelidade o que se contempla nestes criterios de avaliación, pero sí que responda aos conceptos básicos con corrección. En todas as preguntas, valorarase tamén positivamente que o alumno/a responda con brevidade e concisión.

- Aclaración na pregunta 2 desta opción: *Pódense dar tamén por válidas as respostas que inclúan a outros compositores/as cando a resposta implique unha correcta xustificación da importancia dese autor/a.*

- Aclaración na pregunta 3 desta opción: *Consideraranse igualmente válidas aquelas respostas que expliquen o papel de internet como fonte fiable de información e relacionen a rede co xornalismo cidadán e co valor do "contraste da información". Ademais, a resposta sobre os youtubers considerarase complementaria xa que só é un termo que se incorporou na pregunta xeral para orientar ao alumnado nun tema de actualidade moi coñecido por eles e relacionado co sentido xeral da pregunta. O obxectivo era orientar parcialmente o enfoque da pregunta para que explicaran o papel dos youtubers neste contexto do uso responsable da rede, como creadores e protagonistas de moitos dos contidos consumidos polos xóvenes. Sen embargo, nos criterios de corrección non se considerará obrigatorio que responden a este concepto, sempre e cando a resposta sexa clara sobre o uso responsable da rede.*

## **CULTURA AUDIOVISUAL II**

### **OPCIÓN A**

1. Lectura denotativa e connotativa desta imaxe / Lectura denotativa y connotativa de esta imagen (máximo: 6 puntos, repartidos como se indica):

- Descripción (elementos/personaxes, situacións...), luz e cor. / Descripción (elementos/personajes, situaciones...), luz y color. (1.5 puntos)
- Planos, ángulos e composición. / Planos, ángulos y composición. (1.5 puntos)
- Público ao que se dirixe e recursos e estereotipos que manexa. / Público al que se dirige y recursos y estereotipos que maneja. (1.5 puntos).
- Comentario crítico sobre os valores formais, estéticos, expresivos e de significado da imaxe (mensaxe, emotividade e valores). / Comentario crítico sobre los valores formales, estéticos, expresivos y de significado de la imagen (mensaje, emotividad y valores). (1.5 puntos)



Fotografía: <https://www.manosunidas.org/campana/comparteloqueimporta>

### **Preguntas de resposta breve / Preguntas de respuesta breve:**

- Elixe dous grandes realizadores españois de TV e explica a súa traxectoria. / Elige dos grandes realizadores españoles de TV y explica su trayectoria. (1 punto)
- Cita os principais formatos radiofónicos. / Cita los principales formatos radiofónicos. (1 punto)
- O proceso de produción audiovisual. / El proceso de producción audiovisual. (1 punto)
- O paso do cine mudo ao cine sonoro. / El paso del cine mudo al cine sonoro. (1 punto)

## **CULTURA AUDIOVISUAL II**

### **OPCIÓN B:**

1. Sobre o seguinte exemplo, explica / Sobre el siguiente ejemplo, explica (máximo: 6 puntos, repartidos como se indica):

- a) Medios de comunicación audiovisual de libre acceso a través de Internet. (1.5 puntos)
- b) Valora a influencia de YouTube na difusión de contidos audiovisuais. / Valora la influencia de YouTube en la difusión de contenidos audiovisuales. (1.5 puntos)
- c) A televisión interactiva. / La televisión interactiva. (1.5 puntos)
- d) A radio interactiva. / La radio interactiva. (1.5 puntos).



Fotografía: Internet

### **Preguntas de resposta breve / Preguntas de respuesta breve:**

- 2. Funcións do rexedor e do sonidista nun programa de TV. / Funciones del regidor y del sonidista en un programa de TV. (1 punto)
- 3. Describe os elementos expresivos do son en relación coa imaxe: función da BSO no cine. / Describe los elementos expresivos del sonido en relación con la imagen: función de la BSO en el cine. (1 punto)
- 4. A comedia visual en Buster Keaton e Harold Lloyd. / La comedia visual en Buster Keaton y Harold Lloyd. (1 punto)
- 5. Os estudos de audiencia. / Los estudios de audiencia. (1 punto)

ABAU  
CONVOCATORIA DE XULLO  
Ano 2019  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN  
CULTURA AUDIOVISUAL II  
(Cód. 52)

Na corrección do exame de Cultura Audiovisual II aplicaranse os seguintes criterios:

**RITERIOS DE CORRECCIÓN PARA AS PREGUNTAS DE DESENVOLVEMENTO:**

**OPCIÓN A:**

Na primeira parte da proba (valor máximo 6 puntos), valorarase a capacidade do alumnado para interpretar a idea que se propón (en imaxe ou texto), plasmando a súa opinión razoada e crítica.

No caso da **opción A**, na primeira pregunta valorarase a descrición xeral da imaxe que faga o alumnado, analizando as funcións comunicativas e estéticas da mensaxe publicitaria a través dos elementos referenciais da imaxe e do texto (tratamento destacado das cores na imaxe e nas mensaxes, personaxes, etc.). Valorarase a capacidade do alumnado para interpretar a imaxe no contexto do seu significado e do seu valor comunicativo; así como a habilidade do alumno/a para explotar as posibilidades expresivas e comunicativas da imaxe (estética e mensaxe). Neste senso, valorarase positivamente tamén, o recoñecemento que faga o alumnado das funcións da publicidade, diferenciando os elementos informativos dos relacionados coa emotividade, a sedución ou a fascinación. Nos criterios de corrección teranse en conta, tamén as reflexións que faga o alumnado para relacionar a composición e estrutura da imaxe coa consecución dos seus obxectivos, incorporando a súa interpretación persoal sobre o público ao que consideran que se dirixe esta campaña publicitaria. En xeral, o alumnado tamén pode reflexionar sobre a dimensión social das mensaxes publicitarias e o valor comunicativo das campañas solidarias/humanitarias. Como parte dos criterios de corrección, premiarase a capacidade expresiva do alumnado (redacción e argumentación).

Como referencia de contexto, indicar que a imaxe correspóndese cunha campaña de Manos Unidas do ano 2018 de loita contra a fame baixo o título xenérico: "Comparte lo que importa".

Trátase dunha campaña multimedia que pon o foco na palabra "compartir" para chamar a atención sobre as cifras e as mensaxes que cada día se comparten en redes sociais (o número de usuarios de redes sociais supera os miles de millóns en todo o mundo -por exemplo, Facebook superou os 2.061 millóns en 2017, Whatsapp xa é utilizada por máis de 1.300 millóns de persoas cada ano). Por iso, Manos Unidas recolle na súa imaxe de Campaña a transformación dun móbil nunha regadeira: un símbolo que a organización utiliza para que vexamos que o que "compartimos" ten resultado e leva a prosperidade aos países nos que realiza os seus proxectos de cooperación.

Con esta campaña a ONG pretende dar resposta ás causas e problemas que provocan a fame do mundo, centrándose en tres cuestións esenciais e urxentes que poden axudar a acabar coa pobreza e a fame no mundo: favorecer iniciativas que permitan o acceso aos alimentos para consumo humano, e non para o beneficio económico; impulsar sistemas de

producción sustentables co medio ambiente e expor propostas que eviten a perda e o desperdicio de alimentos. Nos criterios de corrección teranse en conta as diversas interpretacións que o alumnado poda facer arredor desta idea xeral e dos obxectivos da campaña.

Esta campaña de 2018 pódese consultar en internet, na web de Manos Unidas  
#ComparteLoQueImporta:

<https://www.manosunidas.org/campana/comparteloqueimporta/noticia/manos-unidas-lanza-campana-comparte-lo-importa>

<https://www.manosunidas.org/campana/comparteloqueimporta/2018-comparte-lo-importa>

Na segunda parte da proba (valor máximo 4 puntos), valoraranse os coñecementos teóricos do alumnado en relación ao temario. Non é preciso que o alumno/a reproduza con total fidelidade o que se contempla nestes criterios de avaliación, pero sí que responda aos conceptos básicos con corrección. En todas as preguntas, valorarase tamén positivamente que o alumno/a responda con brevidade e concisión.

---

#### **OPCIÓN B:**

Na primeira parte da proba (valor máximo 6 puntos), valorarase a capacidade do alumnado para abordar o tema que se propón, plasmando a súa opinión razoada e crítica. Neste caso, o tema xeral é internet e os cambios que implicou Internet na difusión de obras audiovisuais. Non se esixen respostas memorísticas e valorarase a capacidade argumental do alumnado para trazar un contexto sobre a importancia que ten a adaptación dos medios audiovisuais ao novo contexto de difusión a través de internet. Daranse por correctas as respostas do alumnado que conteñan datos sobre o novo escenario da difusión das obras audiovisuais no contexto *online*, a importancia que tivo a aparición de YouTube nas novas formas de consumo audiovisual, especialmente na mocidade, así como a novas televisións e radios interactivas (non só os medios tradicionais que se adaptaron a internet, se non tamén aquelas televisións e radios que xurdiron xa directamente na Rede). Ademais, valorarase igualmente que o alumnado respostase a cada apartado da pregunta, de xeito independente, ou que fixera unha argumentación conxunta do tema, sempre e cando a resposta conteña os contidos xerais indicados nestes criterios.

Na segunda parte da proba (valor máximo 4 puntos), valoraranse os coñecementos teóricos do alumnado en relación ao temario. Non é preciso que o alumno/a reproduza con total fidelidade o que se contempla nestes criterios de avaliación, pero sí que responda aos conceptos básicos con corrección. En todas as preguntas, valorarase tamén positivamente que o alumno/a responda con brevidade e concisión.